



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE FACENDA  
Dirección Xeral da Función Pública



**empregarse**  
procesos de ingreso

**Proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión  
da Xunta de Galicia (subgrupo A2)  
escala técnica de estatísticos**

**Primeiro exercicio  
(acceso libre)**

**NON abra o exame ata que o tribunal llo indique**



**1 De conformidade co previsto no artigo 101.2 da Constitución Española, o goberno cesante continuará en funcións ata**

- A) A celebración de eleccións xerais
- B) A toma de posesión do novo goberno
- C) A investidura do novo presidente
- D) A comunicación oficial do resultado do escrutinio tras a celebración de eleccións xerais

**2 Non son competencias exclusivas da Comunidade Autónoma de Galicia**

- A) A artesanía
- B) Os montes veciñais en man común
- C) Os portos e aeroportos de Galicia
- D) As estatísticas para os fins da Comunidade Autónoma galega

**3 O artigo 3 da lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística determina**

- A) O galego co castelán son as linguas propias de Galicia
- B) Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua
- C) Os poderes públicos garantirán o uso normal do galego e do castelán
- D) As leis de Galicia publicaranse en galego e en castelán

**4 Segundo o disposto no artigo 73 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ¿que recurso se pode interpoñer contra un acordo de acumulación?**

- A) De alzada
- B) Potestativo de reposición
- C) Ningún
- D) De revisión

**5 O pleno da Deputación Provincial está constituído por**

- A) O presidente, o vicepresidente e os vogais
- B) O presidente e os deputados
- C) O presidente e os deputados que ostenten delegacións
- D) O presidente, o vicepresidente e a Xunta de Goberno

**6 Dos que se mencionan a continuación, cal deles non é persoal con lexislación específica propia segundo o artigo 4 do Estatuto Básico do Empregado Público?**

- A) Persoal militar das forzas armadas
- B) Persoal interino ao servizo das administracións públicas
- C) Persoal funcionario das Cortes Xerais e das asembleas lexislativas das comunidades autónomas
- D) Persoal do Centro Nacional de Intelixencia

**7 Á vista do establecido no artigo 12 do decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia, non é un órgano superior da función pública**

- A) O Consello da Xunta de Galicia
- B) A conselleira ou conselleiro competente en materia de función pública
- C) O Consello galego de función pública
- D) A Comisión de Persoal

**8 Terán dereito preferente a participar nos cursos formativos impartidos pola Administración Pública galega os funcionarios**

- A) Que estean a utilizar ou utilizaran unha licenza de maternidade ou un permiso de paternidade nos dous últimos anos
- B) Que estean a utilizar ou utilizaran unha licenza de maternidade ou un permiso de paternidade nos cinco últimos anos
- C) Que estean a utilizar ou utilizaran unha licenza de maternidade ou un permiso de paternidade nos tres últimos anos
- D) Ningunha é correcta

**9 Que institución da Unión Europea exerce a función lexislativa?**

- A) O Parlamento Europeo
- B) O Consello conxuntamente co Parlamento Europeo
- C) A Comisión
- D) O Comité Lexislativo

**10 Segundo o disposto no artigo 20 do Tratado de Funcionamento da UE, será cidadán da Unión**

- A) Toda persoa que resida libremente en calquera territorio dos Estados membros
- B) Toda persoa que ostente a nacionalidade dun Estado membro
- C) Toda persoa que ostente a nacionalidade dun Estado membro así como os seus ascendentes e descendentes directos
- D) Toda persoa que pague os seus impostos en calquera Estado membro

**11 Nas características medidas en escala de intervalo**

- A) Soamente se pode establecer a orde entre as observacións
- B) Ten sentido calcular a distancia numérica entre dúas observacións
- C) Hai un punto de orixe ou cero "absoluto"
- D) Ningunha é correcta

**12 O índice simple de prezos dun electrodoméstico no ano 2011 con base o ano 2008 foi 93,2**

- A) Un índice de prezos non pode tomar valores inferiores a 100
- B) O prezo do electrodoméstico descendeu un 6,8% neses 3 anos
- C) A inflación do electrodoméstico foi do 0,932% neses 3 anos
- D) A inflación do electrodoméstico foi do 93,2% neses 3 anos

**13 Os diagramas de caixa (Box-plots) permítennos**

- A) Obter unha suavización dos datos
- B) Detectar datos atípicos
- C) Contrastar independencia entre características
- D) Deducir o coeficiente de curtose da característica

**14 Cal das seguintes propiedades non se refire á media harmónica?**

- A) É sempre calculable
- B) É sensible a datos próximos a cero
- C) É sensible a transformacións de escala nos datos
- D) É sensible a cambios de orixe nos datos

**15 Se  $Q_1$  e  $Q_3$  son, respectivamente, o primeiro e terceiro cuartil dunha distribución, ¿cal das seguintes medidas conxuntas é posible?**

- A) Mediana: 5, Media: 3.5,  $Q_1 = 3$ ,  $Q_3 = 5,5$ , mínimo: 2, máximo: 6
- B) Mediana: 5, Media: 5,  $Q_1 = 3$ ,  $Q_3 = 4,5$ , mínimo: 2, máximo: 6
- C) Mediana: 5, Media: 4,  $Q_1 = 3$ ,  $Q_3 = 5,5$ , mínimo: 2, máximo: 5.4
- D) Ningunha das anteriores

**16 Se hai datos atípicos con valores altos, é preferible empregar como medida de dispersión absoluta**

- A) O desvío tipo
- B) O percorrido
- C) O coeficiente de variación
- D) O percorrido intercuartílico

**17 Se o coeficiente de curtose (definido a partir do momento de orde 4 respecto da media e o desvío típico) vale 6, entón a distribución é**

- A) Mesocúrtica
- B) Platicúrtica
- C) Leptocúrtica
- D) Non pode ser maior de 3

**18 Se se decide dar a cada traballador dunha poboación unha paga extra de 100 euros, entón**

- A) A curva de Lorenz achégase á diagonal
- B) A concentración dos salarios aumenta
- C) A curva de Lorenz non cambia
- D) Ningunha é correcta

**19 Se ambas as dúas son calculables, a relación entre a media aritmética e a media harmónica é**

- A) En xeral, non hai relación alxébrica ningunha entre elas
- B) A media harmónica é a inversa da aritmética
- C) A media harmónica sempre é menor ou igual que a aritmética
- D) Ningunha das anteriores

**20 Se X e Y son independentes, entón**

- A) As frecuencias relativas condicionadas coinciden coas frecuencias relativas marxinais
- B) As frecuencias relativas marxinais son iguais
- C) As distribucións marxinais son coincidentes e coinciden con calquera condicionada
- D) Ningunha das anteriores

**21 Se as medias de dúas variables son nulas, a súa covariancia**

- A) É o momento de orde (1,1) respecto da orixe
- B) É igual ao coeficiente de correlación lineal simple
- C) É o produto dos seus desvíos tipo
- D) A súa covariancia é nula

**22 A media aritmética ponderada das medias condicionadas coincide coa media marxinal**

- A) Sempre
- B) Cando as dúas variables son independentes
- C) En caso de relación lineal perfecta positiva
- D) Se o coeficiente de correlación lineal é -1

**23 Unha recta de regresión sempre pasa por  $(\bar{x}, \bar{y})$  pero ademais tamén pasa por  $(0, \bar{y} - \bar{x})$** 

- A) É imposible que pase por ese punto
- B) Cando a media da variable dependente é cero
- C) Cando o parámetro pendente é 1
- D) Cando o parámetro pendente é cero

**24 Nun modelo de regresión linear múltiple, o valor do coeficiente de determinación axustado**

- A) Sempre coincide co valor do coeficiente de determinación
- B) Pode diminuír ao aumentar o número de variables explicativas
- C) Non varía nunca ao introducir novas variables explicativas
- D) Estima o erro común das variables explicativas

**25 Se  $\Delta v, \Delta p$  e  $\Delta q$  son, respectivamente, as taxas de variación relativas (en tanto por un) de valor, prezos e cantidade asociadas a unha magnitude nun instante de tempo, entón**

- A)  $(1 + \Delta v) = \sqrt{(1 + \Delta p)(1 + \Delta q)}$
- B)  $(1 + \Delta v) = (1 + \Delta p)(1 + \Delta q)$
- C)  $\Delta v = \Delta p + \Delta q$
- D)  $\Delta v = \Delta p \Delta q$

**26 Un índice de cantidades de Laspeyres**

- A) Pondera as cantidades polos prezos no período base
- B) Pondera os prezos polas cantidades no período base
- C) Pondera os prezos polas cantidades no período actual
- D) Pondera as cantidades polos prezos no período actual

**27 O método que non se utiliza para eliminar a tendencia dunha serie temporal é**

- A) Medias móbiles
- B) Axuste polinómico
- C) Alisado exponencial
- D) Ningunha das anteriores

**28 Cal das seguintes afirmacións é certa?**

- A) O coeficiente por rangos de Kendall toma valores entre 0 e 1 (ambos os dous inclusive)
- B) O coeficiente d de Somers non ten en conta os pares de observacións empatadas
- C) O coeficiente de continxencia C de Pearson é sempre maior ou igual que cero
- D) O coeficiente V de Cramer toma, en xeral, valores entre -1 e 1 (ambos os dous inclusive)

**29 Se para dous sucesos A e B se cumpre que  $P(A \cup B) < P(A) + P(B)$** 

- A) Os sucesos son sempre independentes
- B) Os sucesos son disxuntos ou incompatibles
- C) Os sucesos non son disxuntos ou incompatibles
- D) Os sucesos son sempre complementarios

**30 Un investimento de 1000 € nun fondo podería producir un rendemento anual de -200 € con probabilidade 0,3 ou unha ganancia de 100 € con probabilidade 0,7. Se vostede investise 1000 €, ¿que rendemento esperarías ao cabo dun ano?**

- A) Gañaría 70 €
- B) Perdería 100 €
- C) Gañaría 10 €
- D) Nin gañaría nin perdería



**31 Para poder aplicar a desigualdade de Chebyshev, en relación á variable aleatoria necesítase coñecer**

- A) A media e a moda da distribución
- B) A variancia e a covariancia da distribución
- C) A media e o desvío tipo da distribución
- D) O desvío tipo e a mediana da distribución

**32 Os ingresos por sesión dos cines nun novo centro comercial son 750 euros de media, cun desvío tipo de 100. Cal sería a media e o desvío típico dos ingresos durante unha fin de semana na que se realizaron nove sesións? Suponse que as recadacións dos distintos días son independentes entre si**

- A)  $\bar{x} = 6750$  ;  $\sigma = 300$
- B)  $\bar{x} = 6750$  ;  $\sigma = 900$
- C)  $\bar{x} = 2250$  ;  $\sigma = 300$
- D)  $\bar{x} = 2250$  ;  $\sigma = 900$

**33 Se  $X_1, X_2, \dots, X_n$  son variables aleatorias independentes con distribución**

**Poisson de parámetro  $\lambda \Rightarrow Y$  distribúese aproximadamente  $N\left(\lambda, \frac{\sqrt{\lambda}}{n}\right)$ ,**

**con  $Y = \sum_{i=1}^n \frac{X_i}{n}$  cando**

- A) Sempre
- B) Só cando  $n$  é suficientemente grande
- C) Só cando  $n$  é grande e  $\lambda$  é pequena
- D) Nunca

**34 Sexa  $X$  unha variable aleatoria con distribución Uniforme (0,1). A función de densidade de  $Y=e^X$  é**

- A)  $f(y) = \begin{cases} \frac{1}{y} & \text{se } 1 < y < e \\ 0 & \text{resto} \end{cases}$
- B)  $f(y) = \begin{cases} \ln(y) & \text{se } 0 < y < 1 \\ 0 & \text{resto} \end{cases}$
- C)  $f(y) = \begin{cases} e^{-y} & \text{se } y > 0 \\ 0 & \text{resto} \end{cases}$
- D) Ningunha das anteriores

**35** Se  $X$  e  $Y$  son dúas variables aleatorias  $N(\mu, \sigma)$  independentes coas seguintes distribucións de probabilidade  $X \rightarrow N(2,3)$  e  $Y \rightarrow N(1,3)$  entón  $U=2X-Y$

- A) Distribúese  $N(3;3)$
- B) Distribúese  $N(3; \sqrt{45})$
- C) Distribúese  $N(3; \sqrt{27})$
- D) A distribución que segue dependerá da covariancia entre as variables

**36** Nunha distribución bidimensional con  $f(x,y) = xy$  cando  $0 < x < 2$  ;  $0 < y < 1$   
**A**  $P(1 < x < 2; 0 < y < 1)$  é

- A) 0,5
- B) 1
- C) 0,25
- D) 0,75

**37** Nunha distribución bidimensional obtivéronse os resultados seguintes:  $S_x^2 = 9$  ;  $S_y^2 = 25$  ;  $S_{xy} = 20$

- A) Só pode suceder cando as variables teñen correlación linear perfecta
- B) Só pode suceder cando as variables están incorrelacionadas
- C) Tales resultados non poden darse conxuntamente
- D) Cúmrese sempre

**38** Sexa  $(X,Y)$  unha variable aleatoria con distribución normal bivariante, onde  $Var(x) = \sigma_x^2$  ;  $Var(y) = \sigma_y^2$  ;  $corr(x,y) = \rho$ . Entón cúmprese que a variancia condicionada  $Var(x/y)$  é igual a

- A)  $(1 - \rho^2)\sigma_x^2$
- B)  $\rho^2\sigma_x^2$
- C)  $(1 - \rho^2)\sigma_y^2$
- D)  $\rho^2\sigma_y^2$

**39** Sexa  $T$  unha variable con distribución  $t_4$ , da que se sabe que  $P(a < T < 1,53) = 0,55$ . Entón

- A)  $a$  debe ser maior que cero
- B)  $a$  pode ser negativo
- C)  $a$  debe ser negativo
- D) Non é posible saber nin o valor nin o signo de  $a$

**40** Dadas tres variables aleatorias  $X_1, X_2, X_3 \sim N(\mu, \sigma)$  independentes e coas seguintes distribucións de probabilidade:  $X_1 \mapsto N(2,1)$  ;  $X_2 \mapsto N(0,1)$  ;  $X_3 \mapsto N(0,1)$  . Se definimos

$U = X_1 - 2$  ;  $V = U^2 + X_2^2 + X_3^2$  entón  $V$  distribúese

A)  $\chi_3^2$

B)  $\chi_3^2 - 2$

C)  $\frac{\chi_3^2}{2}$

D) Ningunha das respostas anteriores é correcta

**41 Sexa un proceso ARIMA (1, 0, 1). Pódese dicir que**

- A) Non hai ningún compoñente autorregresivo estacionario
- B) O coeficiente de autocorrelación parcial de orde 2 é igual a cero
- C) O proceso é estacionario
- D) O coeficiente de autocorrelación simple de orde 2 é igual a cero

**42 O proceso ARMA (1, 1) dado por  $Y_t = 0,7 Y_{t-1} + \alpha_t - 1,1 \alpha_{t-1}$**

- A) É estacionario e invertible
- B) Non é estacionario pero si é invertible
- C) É estacionario pero non é invertible
- D) Non é estacionario e non é invertible

**43 En inferencia clásica (poboacións infinitas) sinala a afirmación correcta**

- A) Se un estimador é inesgado o seu erro cuadrático medio coincide coa súa variancia
- B) A media mostral é un estimador inesgado da media poboacional
- C) A cota de Fréchet-Cramer-Rao emprégase para estudar a eficiencia absoluta dun estimador
- D) Todas as anteriores son correctas

**44 A función de verosimellanza e o logaritmo neperiano da función de verosimellanza teñen o mesmo valor máximo, por iso é posible calcular o estimador máximo verosimellante maximizando o logaritmo neperiano da función de verosimellanza**

- A) Isto é sempre certo
- B) Isto só é certo se se cumpren unhas condicións de regularidade
- C) Isto é certo só se o tamaño da mostra é grande
- D) Ningunha das respostas anteriores é certa

**45 Baixo condicións de regularidade, un estimador calculado polo método de máxima verosimellanza**

- A) É asintoticamente inesgado
- B) É asintoticamente normal
- C) É consistente
- D) Todas as respostas anteriores son certas

**46 A amplitude dun intervalo de confianza aumenta cando**

- A) Incrementábase o nivel de confianza
- B) Diminúe o tamaño da mostra
- C) Aumenta a variancia poboacional
- D) Todas as respostas anteriores son certas

**47 Nun contraste de hipótese unilateral obtense un p-valor de 0,0328. ¿En cal das seguintes situacións a decisión sería rexeitara hipótese nula?**

- A) Se o nivel de significancia é do 1%
- B) Se o nivel de significancia é do 10%
- C) Nas dúas situacións anteriores
- D) En ningunha das situacións anteriores

**48 O contraste  $H_0: \theta = \theta_0$  fronte a  $H_1: \theta < \theta_0$**

- A) É un contraste unilateral (unha aba)
- B) Non pode facerse aplicando o teorema de Neyman-Pearson
- C) É un contraste bilateral (dúas abas)
- D) Ten dúas hipóteses simples ( $H_0$  e  $H_1$ )

**49 O contraste chi cadrado de bondade do axustamento**

- A) Utiliza un estatístico con distribución F
- B) Só é válido para variables cualitativas
- C) Só é válido para variables cuantitativas
- D) Ningunha das outras respostas é certa

**50 Calquera que sexa o procedemento de mostraxe sen reposición unietápico con tamaño de mostra fixo, a suma das probabilidades de inclusión de segundo orde da mostra para cada unidade da poboación é**

- A) Igual ao tamaño mostral ao cadrado
- B) Igual a dúas veces o tamaño mostral
- C) Igual ao tamaño mostral ao cadrado menos o tamaño mostral
- D) Non ten unha expresión fixa

**51 Cal das seguintes mostras (denominadas M) non foi elixida mediante mostraxe sistemática do marco ordenado do modo seguinte  $U=\{1,2,3,4,5,6,7,8\}$  ?**

- A)  $M=\{1\}$
- B)  $M=\{1,3,5,7\}$
- C)  $M=\{1,2,3,4,5,6,7,8\}$
- D)  $M=\{1,2,3\}$

**52 Sexa unha poboación composta por 100 unidades da que se extrae, mediante mostraxe aleatoria simple sen reposición, unha mostra de 10 para a estimación dunha determinada proporción. A proporción mostral é 0.5. A estimación inesgada da variancia do devandito estimador é**

- A) 0.025
- B) 0.030
- C) 0.25
- D) 0.5

**53 O valor mínimo do coeficiente de homoxeneidade de conglomerados (supoñendo que teñan o mesmo tamaño M) é**

- A) 0
- B)  $1/M$
- C)  $-1/M$
- D)  $-1/(M-1)$

**54 Unha poboación está dividida en catro estratos co seguinte tamaño poboacional:  $N_1=400$ ,  $N_2=100$ ,  $N_3=100$ ,  $N_4=200$ . Se queremos extraer unha mostra de tamaño  $n=80$  e facer unha asignación proporcional ¿cales serían os tamaños mostrais de cada un dos estratos?**

- A)  $n_1=20$ ,  $n_2=20$ ,  $n_3=20$ ,  $n_4=20$
- B)  $n_1=40$ ,  $n_2=10$ ,  $n_3=10$ ,  $n_4=20$
- C)  $n_1=30$ ,  $n_2=20$ ,  $n_3=20$ ,  $n_4=10$
- D)  $n_1=40$ ,  $n_2=5$ ,  $n_3=5$ ,  $n_4=30$

**55 A taxa bruta de natalidade ten**

- A) Unha variable fluxo no numerador e unha variable stock no denominador
- B) Unha variable fluxo no numerador e unha variable fluxo no denominador
- C) Unha variable stock no numerador e unha variable stock no denominador
- D) Unha variable stock no numerador e unha variable fluxo no denominador

**56 Dentro dunha táboa de mortalidade, os cocientes de mortalidade calculados mediante a estimación de Reed e Merrell propoñen**

- A) Unha distribución logarítmica das defuncións dentro de cada grupo de idade
- B) Unha distribución exponencial das defuncións dentro de cada grupo de idade
- C) Unha repartición lineal dos acontecementos dentro de cada grupo de idade
- D) Unha distribución seguindo a curva normal dentro de cada grupo de idade

**57 A taxa bruta de natalidade do ano 2005 ten como denominador**

- A) A poboación total en 1 de Xaneiro de 2005
- B) A poboación feminina en idade fecunda en 1 de Xaneiro de 2005
- C) A poboación total considerada na metade do ano 2005
- D) A poboación feminina en idade fecunda considerada na metade do ano 2005

**58 O índice de aloctonía**

- A) É a proporción de mulleres non nativas sobre o total de mulleres do territorio
- B) É a proporción de poboación non nativa sobre o total de poboación do territorio
- C) É a proporción de inmigrantes non estranxeiros sobre o total de poboación do territorio
- D) É a proporción de menores de 16 anos non nativos sobre o total de poboación do territorio

**59 Se o saldo vexetativo dunha poboación**

- A) É nulo significa que o total poboacional creceu
- B) É positivo significa que o total poboacional creceu
- C) É negativo significa que o total poboacional creceu
- D) Ningunha das anteriores é correcta

**60 Nunha rexión a poboación total é de 100.000 persoas, as persoas de 14 anos ou menos son 10.000, as de 25 anos ou menos son 20.000, as de 65 ou máis anos 20.000, as de 85 e máis anos son 15.000. O índice de dependencia global é**

- A) 2/3
- B) 1/3
- C) 3/7
- D) 7/15

**61 No método de proxección de poboación denominado curva (función) loxística**

- A) Os resultados obtidos non teñen en conta a evolución diferenciada dos factores demográficos que interveñen
- B) Non se introduce un límite ao crecemento da poboación
- C) O límite máximo de poboación alcánzase no último ano de proxección
- D) Nunca se reduce o ritmo de crecemento da poboación

**62 Segundo a estatística de mortes fetais tardías incluída nas estatísticas do movemento natural da poboación, considérase morte fetal tardía ao feto morto con**

- A) Catro ou máis meses de xestación
- B) Cinco ou máis meses de xestación
- C) Seis ou máis meses de xestación
- D) Sete ou máis meses de xestación

**63 Cando se di que un imposto sobre a renda é progresivo?**

- A) Cando o tipo impositivo aumenta a medida que o fai a renda
- B) Cando a cantidade recadada aumenta a medida que o fai a renda, mantendo constante o tipo impositivo
- C) Cando o imposto se aplica a todos os perceptores de rendas por igual
- D) Cando se dedica a financiar unicamente determinados tipos de gasto social

**64 Segundo o SEC-95, os fogares**

- A) Só son unidades institucionais se teñen un conxunto completo de contas
- B) Gozan de autonomía de decisión pero non son unidades institucionais
- C) Gozan sempre de autonomía de decisión, polo que se consideran unidades institucionais aínda que non teñan un conxunto completo de contas
- D) Ningunha das anteriores é correcta

**65 Segundo o SEC-95, as outras subvencións á produción (D.39) non inclúen**

- A) As transferencias correntes das Administracións Públicas a favor dos fogares na súa condición de consumidores
- B) As subvencións aos gastos destinados a reducir a contaminación
- C) A bonificación dos intereses hipotecarios a pagar polos fogares por adquisición de vivendas
- D) As subvencións aos empregos de minusválidos físicos

**66 Segundo o SEC-95**

- A) A conta de produción non se pode calcular por ramas de actividade
- B) A conta de explotación non se pode calcular por sectores institucionais
- C) A conta de explotación non se pode calcular por ramas de actividade
- D) A conta de asignación da renda primaria non se pode calcular por ramas de actividade

**67 No SEC-95, en xeral, os recursos valóranse a prezos básicos e os empregos a prezos de adquisición. A diferenza entre uns e outros está explicada**

- A) Exclusivamente polos impostos netos de subvencións sobre os produtos
- B) Exclusivamente polas marxes de transporte e os impostos netos de subvencións sobre os produtos
- C) Exclusivamente polas marxes comerciais e os impostos netos de subvencións sobre os produtos
- D) Exclusivamente polas marxes comerciais, marxes de transporte e os impostos netos de subvencións sobre os produtos

**68 As ocupacións incluídas na CNO agrúpanse en**

- A) 8 grandes grupos
- B) 9 grandes grupos
- C) 10 grandes grupos
- D) 11 grandes grupos



**69 No modelo básico IS-LM, un aumento da oferta de diñeiro en termos reais**

- A) Despraza a curva LM á dereita
- B) Despraza a curva LM á esquerda
- C) Supón un movemento ao longo dunha curva LM dada
- D) Non afecta á curva LM

**70 Segundo a curva de Phillips, se a taxa de paro observada coincide coa taxa natural de paro teremos que**

- A) A inflación observada coincidirá coa inflación esperada
- B) A inflación observada será igual a cero
- C) A inflación observada será igual ás dúas taxas de paro
- D) As catro variables -inflación observada, inflación esperada, taxa de paro observada e taxa natural de paro- serán iguais

**71 Segundo o V Manual de Balanzas de Pagamentos do Fondo Monetario Internacional, ¿en cal destas partidas están incluídos os ingresos por rendas do traballo?**

- A) Na balanza por conta corrente
- B) Na balanza de transferencias correntes
- C) Na conta financeira
- D) Na balanza de servizos

**72 Segundo o artigo 9 da Lei 9/1988 de estatística de Galicia, a elaboración do proxecto de programa estatístico correspóndelle ao**

- A) Parlamento de Galicia
- B) Consello Galego de Estatística
- C) Instituto Galego de Estatística
- D) Consello da Xunta de Galicia

**73 Segundo a Lei 9/1988 de estatística de Galicia, correspóndelle ao director do Instituto Galego de Estatística**

- A) A representación legal do instituto
- B) Coordinar a actividade estatística levada a cabo polas distintas administracións públicas de Galicia
- C) Presidir a Comisión Permanente e a Comisión de Coordinación do Consello Galego de Estatística
- D) Todas as anteriores son correctas

**74 A inexistencia de tuplas duplicadas nunha relación**

- A) É un principio do modelo relacional que non sempre se impón nos xestores de bases de datos relacionais
- B) É unha limitación da maioría dos xestores de bases de datos relacionais que contradí a flexibilidade que ten o modelo relacional
- C) É unha restrición do modelo relacional que cumpren os xestores de bases de datos conformes co Estándar SQL92
- D) Ningunha das anteriores é correcta

**75 A cláusula HAVING de SQL só se pode usar coa cláusula**

- A) JOIN
- B) DELETE
- C) SELECT
- D) INSERT

**76 Nun "data mart" con deseño en folerpa de neve, os datos dunha dimensión están**

- A) Nunha única táboa correspondente a esa dimensión
- B) Nunha ou máis táboas
- C) Na táboa de feitos
- D) Nunha única táboa, xunto cos datos das outras dimensións da folerpa

**77 Sinala o texto que é un documento XML 1.0 ben formado**

- A) `<?xml version="1.0"?><cond>3 &gt; 4 </cond><cond>5 &gt; 3</cond>`
- B) `<xmldoc><cond>3 &gt; 4 </cond><cond>5 &gt; 3</cond></xmldoc>`
- C) `<xml cond=" 3 &gt; 4" cond="5 &gt; 3"></xml>`
- D) `<xml cond=" 3>4" cond="5 > 3"></xml>`

**78 Nos sistemas de encriptación de clave pública, a clave privada e a pública están relacionadas?**

- A) Si, matematicamente, de modo que cada unha delas é función da outra
- B) Si, porque tras ser xeradas polo usuario mediante dous procedementos aleatorios e independentes, son rexistradas xuntas pola autoridade de certificación
- C) Nos sistemas de clave pública non poden existir claves privadas
- D) Si, porque tras ser xeradas pola autoridade de certificación mediante dous procedementos aleatorios e independentes, quedan rexistradas xuntas

**79 A sinatura dixital dun documento non pode garantir**

- A) A confidencialidade
- B) A autenticidade
- C) A integridade
- D) O non repudio

**80 O regulamento do RD 1720/2007, nas súas medidas de seguridade aplicables a ficheiros ou tratamentos de datos persoais non impón a realización de auditorías cada dous anos**

- A) No caso de ficheiros ou tratamentos non automatizados con datos de nivel medio
- B) No caso de ficheiros ou tratamentos automatizados con datos de nivel medio
- C) No caso de datos referidos á saúde das persoas
- D) Se os datos son de nivel básico

## PREGUNTAS DE RESERVA:

**81 Cal dos seguintes é unha linguaxe baseada en XML para definir modelos estatísticos e de minaría de datos?**

- A) MDX
- B) PMML
- C) SGML
- D) DMXM

**82 No modelo básico IS-LM, se se produce de forma simultánea un aumento do gasto público e un aumento da oferta de diñeiro en termos reais**

- A) O tipo de interese aumenta
- B) O tipo de interese diminúe
- C) O tipo de interese non se verá afectado
- D) Non se pode determinar de antemán o efecto sobre o tipo de interese, xa que depende do que aumenten ambas as dúas variables

**83 Segundo o disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, nas xuntas de persoal, o seu propio regulamento e as súas modificacións deberán ser aprobados polos votos favorables de**

- A) Polo menos dous terzos dos seus membros
- B) Polo menos unha cuarta parte dos seus membros
- C) Polo menos as tres quintas partes dos seus membros
- D) Polo menos a maioría simple dos seus membros

**84 Dada a transformación  $Y=aX-b$ , a variancia de Y será igual a**

- A)  $S_y^2 = a^2 S_x^2$
- B)  $S_y^2 = a^2 S_x^2 + b^2$
- C)  $S_y^2 = a^2 S_x^2 - b^2$
- D)  $S_y^2 = a S_x^2$

**85 O índice de dependencia é**

- A) Unha proporción de primeira categoría
- B) Unha taxa específica
- C) Unha proporción de segunda categoría
- D) Unha taxa bruta

**86 O prezo de adquisición segundo o SEC-95 inclúe**

- A) Os impostos deducibles
- B) Os gastos de transporte aboados por separado polo comprador para recibir os produtos no tempo e lugar sinalados
- C) os intereses dos servizos nas concesións de créditos ligados á compra de bens e servizos
- D) Os gastos extraordinarios ocasionados polo incumprimento dos prazos fixados no momento da adquisición

**87 A forma normal que prohibe as dependencias transitivas é a**

- A) 1 FN
- B) 2 FN
- C) 3 FN
- D) Nunha única relación nunca pode haber dependencias transitivas

**88 O coeficiente de homoxeneidade de conglomerados**

- A) Nunca pode tomar valores negativos
- B) O valor máximo que pode tomar é 1
- C) É tanto menor canto máis homoxéneos sexan os conglomerados
- D) O valor máximo que pode tomar é  $1/2$





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE FACENDA  
Dirección Xeral da Función Pública



**empregarse**  
procesos de ingreso

**Proceso selectivo para el ingreso en el cuerpo de gestión  
de la Xunta de Galicia (subgrupo A2)  
escala técnica de estadísticos**

**Primer ejercicio  
(acceso libre)**

**NO abra el examen hasta que el tribunal se lo indique**





**1 De conformidad con lo previsto en el artículo 101.2 de la Constitución Española, el gobierno cesante continuará en funciones hasta**

- A) La celebración de elecciones generales
- B) La toma de posesión del nuevo gobierno
- C) La investidura del nuevo presidente
- D) La comunicación oficial del resultado del escrutinio tras la celebración de elecciones generales

**2 No son competencias exclusivas de la Comunidad Autónoma de Galicia**

- A) La artesanía
- B) Los montes vecinales en mano común
- C) Los puertos y aeropuertos de Galicia
- D) Las estadísticas para los fines de la Comunidad Autónoma gallega

**3 El artículo 3 de la ley 3/1983, de 15 de junio, de normalización lingüística determina**

- A) El gallego con el castellano son las lenguas propias de Galicia
- B) Los poderes públicos de Galicia adoptarán las medidas oportunas para que nadie sea discriminado por razón de lengua
- C) Los poderes públicos garantizarán el uso normal del gallego y del castellano
- D) Las leyes de Galicia se publicarán en gallego y en castellano

**4 Según lo dispuesto en el artículo 73 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, ¿qué recurso se puede interponer contra un acuerdo de acumulación?**

- A) De alzada
- B) Potestativo de reposición
- C) Ninguno
- D) De revisión

**5 El pleno de la Diputación Provincial está constituido por**

- A) El presidente, el vicepresidente y los vocales
- B) El presidente y los diputados
- C) El presidente y los diputados que ostenten delegaciones
- D) El presidente, el vicepresidente y la Junta de Gobierno

**6 De los que se mencionan a continuación, ¿cuál de ellos no es personal con legislación específica propia según el artículo 4 del Estatuto Básico del Empleado Público?**

- A) Personal militar de las fuerzas armadas
- B) Personal interino al servicio de las administraciones públicas
- C) Personal funcionario de las Cortes Generales y de las asambleas legislativas de las comunidades autónomas
- D) Personal del Centro Nacional de Inteligencia

